

UNIVERSIDADES

Capítulo:	
Epígrafe:	
(Para cubrir no "Diario Oficial de Galicia")	

SUMARIO:

Vigo, 19 de xaneiro de 1998
RESOLUCIÓN DA UNIVERSIDADE DE VIGO, DO 19 DE XANEIRO DE 1998, POLA QUE SE CONVOCAN PROBAS SELECTIVAS PARA A PROVISIÓN DE DÚAS PRAZAS DE TITULADO SUPERIOR EN INVESTIGACIÓN E DESENVOLVEMENTO, VACANTES NO CADRO DE PERSOAL LABORAL DESTA UNIVERSIDADE.

TEXTO:

(Escribir a dous espacios)

Coa finalidade de atende-las necesidades de persoal de administración e servicios, este rectorado, en uso das atribucións conferidas polo artigo 18 en relación co artigo 3 e) da Lei 11/83, do 25 de agosto (BOE do 1 de setembro), de reforma universitaria así como nos estatutos desta universidade, resolve convocar probas selectivas para cubrir dúas prazas de titulado superior en investigación e desenvolvemento, vacantes no seu cadro de persoal laboral, con suxeición ás seguintes:

BASES DA CONVOCATORIA

1. NORMAS XERAIS.

1.1. Convócanse probas selectivas para cubrir con persoal laboral fixo dúas prazas de titulado superior en investigación e desenvolvemento, incluídas no grupo I do Convenio colectivo para o persoal laboral das universidades públicas de Galicia (DOG do 18 de outubro de 1996), unha polo sistema de promoción interna e outra polo de acceso xeral libre.

1.2. De non cubrirse a praza reservada a promoción interna ofertarase para a súa provisión polo sistema de acceso xeral libre.

1.3. Os aspirantes só poderán participar nun dos dous sistemas de provisión.

1.4. O aspirante que ingrese polo sistema de promoción interna terá preferencia sobre o resto de aspirantes para cubriren os postos que se ofertan.

1.5. O proceso selectivo constará das seguintes fases: oposición e concurso, coas probas e puntuacións que se especifican no anexo I.

1.6. A adxudicación das prazas ós aspirantes que superen o proceso selectivo efectuarase de acordo coa puntuación total obtida, sumadas ámbalas dúas fases.

1.7. O programa que rexerá as probas da fase de oposición é o que se relaciona no anexo II.

2. REQUISITOS DE ADMISIÓN.

2.1. Para seren admitidos á realización das probas selectivas, os aspirantes deberán reuni-los seguintes requisitos, na data de remate do prazo de presentación de solicitudes e mantelos durante todo o proceso selectivo:

- a) Ser nacional dalgún dos estados membros da Unión Europea.
- b) Ter cumpridos dezaoto anos de idade e non ter alcanzada a idade de xubilación.
- c) Estar en posesión do título de doutor, licenciado, enxeñeiro ou arquitecto.
- d) Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.
- e) Non ter sido separado ou estar suspendido do servizo de calquera administración pública nin inhabilitado para o desempeño da función pública por sentenza firme. No caso de nacionais dun estado estranxeiro, non estar sometido a sanción disciplinaria ou condena penal que impida no seu estado o acceso á función pública.

2.2. Os aspirantes que concorran ás probas pola quenda de promoción interna deberán reunir, ademais, os seguintes requisitos:

- a) Pertencer ó cadro de persoal laboral fixo de calquera das universidades públicas de Galicia.
- b) Pertencer a categoría profesional distinta á das prazas convocadas na presente convocatoria.

3. SOLICITUDES.

3.1. As solicitudes para tomar parte nestas probas selectivas axustaranse ó modelo que figura como anexo IV desta convocatoria e deberán presentarse achegando fotocopia do DNI ou documento acreditativo de ser nacional dun estado membro da Unión Europea. Ademais, acreditaranse os méritos alegados da seguinte forma:

3.1.1. Os servicios prestados en calquera das universidades públicas de Galicia acreditaranse mediante certificación da xerencia correspondente, referidos á data de remate do prazo de presentación de solicitudes.

3.1.2. Os cursos alegados acreditaranse mediante a presentación dos títulos e diplomas correspondentes, copia compulsada ou certificación do órgano competente de estar en condicións de obtelos na data de remate do prazo de presentación de solicitudes.

3.1.3. A experiencia profesional acreditarase mediante certificación da correspondente unidade de persoal da entidade ou empresa onde prestara servicios.

3.2. As solicitudes dirixiranse ó rector da Universidade de Vigo no prazo de 20 días naturais contados a partir do día seguinte ó da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia* (DOG).

3.3. A presentación de solicitudes farase no rexistro xeral da Universidade de Vigo ou segundo as restantes formas previstas no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Os aspirantes non poderán presentar máis dunha solicitude nin solicita-la súa participación nas probas selectivas, simultaneamente, en máis dun sistema de acceso. A contravención dalgunha destas normas determinará a exclusión dos aspirantes.

3.4. Os dereitos de exame serán de 9.180 ptas. e ingresaranse na conta corrente nº 2080-0000-74-0040225994, Universidade de Vigo. "Outros ingresos". (Caixavigo, O.P. de Vigo). Na solicitude deberá figura-lo selo da entidade bancaria acreditativo do pagamento dos dereitos de exame; a súa falta determinará a exclusión do aspirante.

En ningún caso a mera presentación da solicitude e o pagamento na entidade bancaria suporá a substitución do trámite de presentación en tempo e forma da solicitude perante o órgano expresado na base 3.2.

3.5. Os aspirantes deberán observa-las seguintes instrucións para cubri-la súa solicitude:

a) No recadro nº 2 destinado a "sistema de provisión", os aspirantes que participen polo sistema de promoción interna sinalarán a letra "P". Os aspirantes que participen polo sistema xeral de acceso libre sinalarán a letra "L".

b) Os aspirantes con minusvalías solicitarán no recadro nº 8, as adaptacións de tempos e medios que, para a realización das probas consideren necesarias.

3.6. Os erros de feito que puideran advertirse, poderán emendarse en calquera momento, de oficio ou a pedimento do interesado.

3.7. Os aspirantes quedan vinculados ós datos que fixeran constar nas súas solicitudes, podendo unicamente demanda-la súa modificación mediante escrito motivado, dentro do prazo establecido na base 3.2. para a presentación de solicitudes. Transcorrido este prazo non se admitirá ningún pedimento desta natureza, agás causa excepcional sobrevida, xustificada e discrecionalmente apreciada polo tribunal.

4. ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

4.1. Expirado o prazo de presentación de solicitudes, o rector da Universidade de Vigo publicará no taboleiro de anuncios do rectorado, no prazo dun mes, resolución pola que se aprobe a lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos, con expresión das causas que motivaran a exclusión e o prazo de emenda dos posibles defectos, que será de 10 días hábiles contados a partir do seguinte ó da publicación da devandita resolución.

4.2. Os aspirantes que, dentro do prazo sinalado, non emenden a exclusión ou aleguen a omisión, xustificando o seu dereito a seren incluídos na relación de admitidos, serán definitivamente excluídos da realización das probas.

Na resolución definitiva, publicada no rectorado, indicárase así mesmo o lugar, data e hora de celebración do primeiro exercicio. Contra esta resolución, trala comunicación a este rectorado, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo de acordo có previsto na Lei 30/1992.

4.3. En todo caso co obxecto de evitar erros e, no suposto de se produciren, para posibilita-la súa emenda en tempo e forma, os aspirantes comprobarán fidedignamente non só que non figuran na lista de excluídos, senón que os seus nomes constan correctamente na relación de admitidos.

4.4. Os dereitos de exame serán reintegrados de oficio ós aspirantes que sexan excluídos definitivamente da realización das probas selectivas e cubran os datos bancarios necesarios para face-la devolución.

5. TRIBUNAL

5.1. O tribunal cualificador destas probas é o que figura no anexo III desta convocatoria e terá a categoría primeira das recollidas no Decreto 299/1990, do 24 de maio (DOG do 1 de xuño).

5.2. Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo ó rector da Universidade, cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 28 da Lei 30/1992 ou se tivesen participado en tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas dentro dos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

O presidente poderá solicitar dos membros do tribunal declaración expresa de non se encontrar incursos nas circunstancias previstas nos artigos 28 e 29 da Lei 30/1992.

Así mesmo os aspirantes poderán recusar ós membros do tribunal cando concorran as circunstancias citadas.

5.3. Logo da convocatoria do presidente, constituirase o tribunal coa asistencia da maioría dos seus membros titulares ou suplentes. Nesta sesión, o tribunal acordará tódalas decisións que correspondan para o correcto desenvolvemento das probas selectivas.

5.4. A partir da súa constitución o tribunal, para actuar validamente, requirirá a presenza da maioría absoluta dos seus membros titulares ou suplentes.

5.5. O tribunal resolverá tódalas dúbidas que puidesen xurdir na aplicación destas normas, así como o que se deba facer nos casos non previstos.

O procedemento de actuación do tribunal axustarase ó disposto na Lei 30/1992.

5.6. O tribunal poderá dispoñer-la incorporación ós seus traballos de asesores especialistas para as probas correspondentes ós exercicios que estime pertinentes, limitándose os ditos asesores a prestar colaboración nas súas especialidades técnicas. A designación de tales asesores deberá comunicarse ó rector da Universidade de Vigo e seralles de aplicación o previsto na base 5.2.

5.7. O tribunal cualificador adoptará as medidas precisas naqueles casos nos que resulte necesario, de forma que os aspirantes con minusvalías gocen de similares condicións para realizaren os exercicios có resto dos aspirantes. Para as persoas con minusvalías que o soliciten na forma prevista na base 3.5.b), estableceranse as adaptacións posibles en tempo e medios.

5.8. O presidente do tribunal adoptará as medidas oportunas para garantir que os exercicios escritos que non deban ser lidos sexan

corrixidos sen que se coñeza a identidade dos aspirantes, utilizando para iso os impresos aprobados pola orde do Ministerio da Presidencia do 18 de febreiro de 1985 (BOE do 22), ou calquera outros equivalentes. O tribunal excluírá a aqueles opositores que consignen nas follas de exame marcas ou signos que permitan coñecer-la súa identidade.

5.9. Para efectos de comunicacións e demais incidencias, o tribunal terá a súa sede no rectorado da Universidade de Vigo, rúa Areal nº 46, teléfono 81 36 36.

5.10. En ningún caso o tribunal poderá aprobar nin declarar que superaron as probas selectivas un número superior de aspirantes ó das prazas convocadas. Calquera proposta de aprobados que contraveña o establecido será nula de pleno dereito.

5.11. O tribunal, de conformidade co previsto no artigo 22.2 do Convenio colectivo, poderá prever-la constitución de listas de espera, segundo a orde de puntuación acadada nas probas, cos aspirantes que non as superaran coa finalidade de atender, mediante contratacións temporais, as vacantes e necesidades que poidan producirse ata a realización da seguinte convocatoria.

6. DESENVOLVEMENTO DOS EXERCICIOS.

6.1. A orde de actuación dos aspirantes iniciárase alfabeticamente polo primeiro da letra "H", de conformidade coa resolución da Dirección Xeral da Función Pública do 5 de maio de 1997 (DOG do 16).

6.2. En calquera momento os aspirantes poderán ser requiridos polo tribunal coa finalidade de acreditar-la súa identidade.

6.3. Os aspirantes serán convocados para cada exercicio nun único chamamento sendo excluídos da oposición os que non comparezan, agás nos casos de forza maior, debidamente xustificadas e libremente considerados polo tribunal.

6.4. A publicación dos sucesivos anuncios de celebración dos exercicios será efectuada polo tribunal nos lugares onde se celebrara o anterior, así como na sede do tribunal e por calquera outro medio que se xulgue conveniente para facilitar-la súa máxima divulgación, con 48 horas de antelación, polo menos, á data sinalada para a súa iniciación.

6.5. En calquera momento do proceso selectivo, se o tribunal tivese coñecemento de que algún dos aspirantes carece dos requisitos esixidos pola presente convocatoria, logo da audiencia do interesado, deberá propoñer-la súa exclusión ó rector da Universidade de Vigo, comunicándolle tamén as inexactitudes e falsidades formuladas polo aspirante na solicitude para os efectos procedentes.

7. LISTA DE APROBADOS

7.1. Concluído cada un dos exercicios da fase de oposición, o tribunal fará pública nos lugares da súa celebración e no rectorado a relación de aspirantes que os superasen, con indicación da puntuación obtida e do documento nacional de identidade.

7.2. Rematada a fase de oposición, e para os aspirantes que a superaran, o tribunal fará pública a puntuación obtida na fase de concurso, que en ningún caso poderá sumarse a efectos de supera-los exercicios da oposición.

A cualificación final do proceso selectivo virá dada pola suma das puntuacións obtidas na fase de oposición e de concurso.

No caso de empate na puntuación final, dirimirase a prol do aspirante que obtivese maior puntuación na primeira parte da fase de oposición; de persistir-lo empate, acudirase á puntuación obtida na fase de concurso; en último caso, resolverase a prol do que obtivese a maior puntuación no segundo exercicio da primeira parte da fase de oposición.

O tribunal fará pública para cada sistema de acceso a lista de aspirantes que, segundo a orde de puntuación acadada por cada un deles, fosen seleccionados, que en ningún caso poderá conter un número de candidatos superior ó das prazas convocadas. Os opositores que non se atopen incluídos nas respectivas relacións terán a consideración de non apto para tódolos efectos, único extremo verbo do que o tribunal poderá certificar.

7.3. Rematado o proceso selectivo o presidente do tribunal presentará ó rector a relación definitiva de aspirantes aprobados, segundo o respectivo sistema de acceso e por orde de puntuación, xunto coa proposta de contratación a prol dos candidatos que superaran o devandito proceso, que se publicará no taboleiro de anuncios do rectorado.

7.4. Os aspirantes seleccionados deberán superar satisfactoriamente un período de proba de seis meses, de conformidade co previsto no artigo 14 do R.D.L. 1/1995 (BOE do 29 de marzo).

8. PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS.

8.1. No prazo de 20 días naturais a partir do seguinte a aquel no que se fagan públicas as relacións definitivas de aprobados, estes deberán presentar no rexistro xeral da Universidade de Vigo os seguintes documentos:

- a) Fotocopia do título de doutor, licenciado, arquitecto ou enxeñeiro.

b) Os aspirantes que accedan polo sistema de acceso xeral libre, declaración xurada ou promesa de non ter sido separados mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública, nin estar inhabilitado para o exercicio da función pública.

c) Certificado médico oficial de non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

8.2. Os que tivesen a condición de persoal laboral fixo de calquera universidade pública galega estarán exentos de xustificar documentalmente as condicións e demais requisitos xa probados para acceder ó seu anterior posto, debendo presentar certificación da universidade correspondente para acreditar tal condición, de non tela presentado con anterioridade.

8.3. Os que dentro do prazo fixado, agás caso de forza maior, non presentasen a documentación ou do exame dela se deducise que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base 2, non poderán ser contratados como persoal laboral fixo da Universidade de Vigo e quedarán anuladas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que tivesen incorrido por falsidade na solicitude inicial.

9. NORMA DERRADEIRA.

A presente convocatoria e cantos actos administrativos se deriven dela e da actuación do tribunal poderán ser impugnados nos casos e na forma establecidos na Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Ademais, a Universidade de Vigo poderá, de se-lo caso, proceder á revisión das resolucións do tribunal consonte o previsto na devandita lei.

Vigo, 19 de xaneiro de 1998

José Antonio Rodríguez Vázquez

Rector da Universidade de Vigo

ANEXO I

EXERCICIOS E VALORACIÓN

A/ FASE DE OPOSICIÓN

PRIMEIRA PARTE:

A primeira parte do proceso selectivo desenvolverase en dous exercicios, obrigatorios e eliminatorios; terá un peso relativo en relación á puntuación total da proba dun 65%.

Primeiro exercicio: Constará de dúas probas:

- a) Primeira proba: Consistirá na realización por escrito dun cuestionario de preguntas tipo test, con catro respostas alternativas, das que só unha será correcta, baseado no contido da primeira parte do programa (que se relaciona no anexo II).

O tempo máximo de realización deste exercicio será de 180 minutos.

Cualificarase de 0 a 130 puntos. Para superalo será necesario obter alomenos 65 puntos.

Cada resposta errónea descontará sobre o valor da resposta acertada:

- un 33% no primeiro 10% de respostas erróneas, sobre o total das preguntas formuladas
- un 50% no segundo 10% de respostas erróneas, sobre o total das preguntas formuladas
- un 67% nas restantes respostas erróneas, sobre o total das preguntas formuladas.

- b) Segunda proba: Consistirá na redacción dun tema escollido ó chou entre os que figuran na primeira parte do anexo II.

O tempo máximo de realización deste exercicio será de 90 minutos.

Cualificarase de 0 a 130 puntos. Para superalo será necesario obter alomenos 65 puntos.

Segundo exercicio: Consistirá en desenvolver dous temas escollidos ó chou entre os que figuran cos números 15, 16, 17, 18, 19, 20 e 21 da primeira parte do anexo II. Cada un deles será redactado nun idioma distinto a escoller entre inglés, francés e alemán, e deberán ser lidos posteriormente ante o tribunal. O tempo máximo para a redacción de cada tema será de 60 minutos.

Cualificarase de 0 a 130 puntos. Para superalo será necesario obter alomenos 65 puntos.

SEGUNDA PARTE:

- a) Quenda de promoción interna:

Exercicio único: consistirá na traducción dun texto do castelán ó galego. Terá carácter selectivo e non eliminatorio.

Cualificarase ata un máximo de 30 puntos. O tempo máximo de realización será de 30 minutos.

b) Acceso xeral libre:

Primeiro exercicio: consistirá en extraer unha serie de datos dunha base Knosys e reflectilos a través dun procesador de textos nas condicións que sexan determinadas polo tribunal. Terá carácter selectivo e non eliminatorio.

Cualificarase ata un máximo de 30 puntos. O tempo máximo de realización será de 30 minutos.

Segundo exercicio: consistirá na traducción ó galego do mesmo texto do exercicio anterior. Terá carácter selectivo e non eliminatorio.

Cualificarase ata un máximo de 30 puntos. O tempo máximo de realización será de 30 minutos.

Terceiro exercicio: consistirá en responder por escrito a un cuestionario de preguntas tipo test, con catro respostas alternativas, das que só unha será correcta, baseado no contido da segunda parte do programa. Cada resposta errónea descontará da acordo coas regras establecidas para o primeiro exercicio da primeira parte. Terá carácter selectivo e non eliminatorio.

Cualificarase ata un máximo de 30 puntos. O tempo máximo de realización será de 30 minutos.

B/ FASE DE CONCURSO

Cualificarase ata un máximo de 120 puntos. A valoración da fase de concurso realizarase do seguinte xeito:

Quenda de promoción interna

1/ Antigüidade en postos de categoría distinta ós convocados, en calquera das universidades públicas de Galicia, a razón de 1,5 puntos por mes traballado ata un máximo de 60 puntos.

2/ Cursos de formación e perfeccionamento, impartidos por centros e organismos docentes ou investigadores públicos e que estean directamente relacionados cos temas incluídos na primeira parte do programa. Os certificados de asistencia valoraranse con 2 puntos e os de aptitude con 5 puntos, ata un máximo de 30 puntos.

3/ Entrevista. Valorarase ata un máximo de 30 puntos.

Quenda de acceso xeral libre:

1/ Experiencia en postos de traballo da mesma categoría ou equivalente. Valorarase a razón de 1,5 puntos por mes traballado ata un máximo de 60 puntos.

2/ Cursos de formación e perfeccionamento, impartidos por centros e organismos docentes ou investigadores públicos e que estean directamente relacionados cos temas incluídos na primeira parte do programa. Os certificados de asistencia valoraranse con 2 puntos

e os de aptitude con 5 puntos, ata un máximo de 30 puntos

3/ Entrevista. Valorarase ata un máximo de 30 puntos.

ANEXO II

PROGRAMA

PRIMEIRA PARTE

1. A política científica e tecnolóxica. A política de innovación.
2. A Lei de fomento e coordinación da investigación científica e técnica.
3. O sistema ciencia-tecnoloxía en España (SCT): elementos institucionais. A comisión interministerial de ciencia e tecnoloxía (CICYT).
4. O plano nacional de I + D. O programa nacional de fomento da articulación do sistema ciencia-tecnoloxía e industria.
5. O III Plano nacional de investigación científica e desenvolvemento tecnolóxico. Programas nacionais. Programas sectoriais. Proxectos integrados.
6. A investigación en universidades e centros públicos de investigación (CPI). O centro superior de investigacións científicas (CSIC). O centro de investigacións enerxéticas, medio ambientais e tecnolóxicas (CIEMAT). O instituto español de oceanografía (IEO), etc.
7. O ministerio de industria e enerxía. O centro para o desenvolvemento tecnolóxico e industrial (CDTI). Os proxectos concertados.
8. As asociacións de investigación. A federación española de entidades de innovación e tecnoloxía. Os institutos tecnolóxicos. Os parques tecnolóxicos. Os centros de innovación tecnolóxica.
9. A rede OTRI-OTT (Oficina de transferencia de resultados de investigación-Oficina de transferencia de tecnoloxía). Funcións e organización das OTRIs. A rede OTRI galega.
10. As fundacións universidade-empresa.
11. Instrumentos e mecanismos para a transferencia de tecnoloxía. O programa de estímulo á transferencia dos resultados de investigación (PETRI). O programa de intercambio de persoal entre industrias e centros públicos de investigación. A acción IDE (incorporación de doutores a empresas).
12. Bases de datos específicas: DATRI, CORDIS, CIBEPAT e ARDAN.
13. A oficina española de patentes e marcas. A oficina de harmonización do mercado interior.
14. A protección xurídica dos resultados da I + D. O sistema español. Lexislación sobre patentes. Clases, partes, redacción, solicitude, extensión. Causas de nulidade e caducidade. Os informes de vixilancia tecnolóxica e do estado da técnica. As patentes como fonte de información tecnolóxica.
15. A patente europea. A patente internacional.

16. O marco institucional da Comunidade europea en I + D: as funcións das distintas instancias implicadas na coordinación, xestión e seguemento dos programas de I + D. Condicións xerais de participación en programas de I + D comunitarios. Preparación de propostas e xestión dos proxectos de I + D comunitarios. A oficina española de ciencia e tecnoloxía.
17. O IV Programa marco de investigación comunitaria. Accións. Os programas específicos de I + D.
18. A rede europea de centros de enlace. Os centros europeos de empresas innovadoras (CEEI).
19. Planos tecnolóxicos rexionais: os RIS e RITTS dentro dos fondos FEDER. O proxecto Estrella.
20. A I + D comunitaria fóra do programa marco. Os programas da Comunidade europea para países doutras áreas. A cooperación internacional non comunitaria: organismos e programas. Os programas CYTED e IBEROEKA.
21. Directrices do V Programa marco.
22. A política de innovación da Xunta de Galicia. A política científica e tecnolóxica da Xunta de Galicia.
23. A Lei galega da ciencia. Os proxectos nacionais I + D galegos.
24. O Instituto galego de promoción económica.
25. O tecido científico e tecnoeconómico da Comunidade de Galicia. Os centros públicos de investigación na Comunidade galega. O parque tecnolóxico de Galicia.
26. As universidades como fornecedoras de capital tecnolóxico.
27. A investigación nos estatutos da Universidade de Vigo. Normativas e regulamentos. A comisión de investigación.
28. Regulamento de cursos e convenios da Universidade de Vigo. A investigación contratada. Tipos de contratos, documentos, condicións e cálculo de custos. A comisión de cursos e convenios.
29. As liñas de investigación da Universidade de Vigo. A oferta investigadora da Universidade de Vigo.
30. Instrumentos e mecanismos de difusión dos resultados da investigación universitaria.
31. As invencións universitarias. A súa regulación xurídica. Regulamento de patentes da Universidade de Vigo.
32. Actividades contratadas da Universidade de Vigo. Evolución e análise por sectores.
33. Repercusións sociais do cambio tecnolóxico. As novas tecnoloxías. Repercusións sobre sectores industriais.
34. A xestión da innovación nas empresas. O financiamento da innovación. Creación de empresas a partir de resultados de I + D. O capital risco.
35. A Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.
36. Réxime económico e financeiro da Universidade de Vigo: patrimonio, programación plurianual, orzamentos, xestión e control orzamentario nos estatutos da Universidade de Vigo.

SEGUNDA PARTE

1. Réxime xurídico da Universidade de Vigo: Lei de reforma universitaria e estatutos da Universidade de Vigo. Estructura e órganos da Universidade de Vigo.
2. Réxime xurídico do persoal laboral ó servicio da Universidade de Vigo: III Convenio colectivo do persoal laboral das universidades públicas de Galicia.

ANEXO III**TRIBUNAL****TITULAR:**

Presidente: D. Andrés Ramón Trillo García, xerente da Universidade de Vigo.

Vocais: D. José Tojo Suárez, vicerrector de investigación da Universidade de Vigo.

D^a. M^a Ángeles Sanromán Braga, directora da oficina I+D da Universidade de Vigo.

2 membros en representación do Comité de Empresa (que serán designados con carácter previo ó inicio do proceso selectivo sendo publicados os seus nomes no taboleiro de anuncios do rectorado da Universidade de Vigo).

Secretaria: D^a. M^a del Carmen Pérez Martínez, xefa de negociado de prazas PAS e cursos de formación, que actuará con voz e sen voto.

SUPLENTE:

Presidente: D. Juan Manuel López-Chaves Meléndez, xefe do servizo xurídico da Universidade de Vigo.

Vocais: D. Francisco Javier Rodríguez Berrocal, vicerrector de profesorado da Universidade de Vigo.

D. Miguel Ángel Alfonso Pallarés, profesor titular da Universidade de Vigo.

2 membros en representación do Comité de Empresa (que serán designados con carácter previo ó inicio do proceso selectivo sendo publicados os seus nomes no taboleiro de anuncios do rectorado da Universidade de Vigo).

Secretario: D. Fernando Cuadrado Rodríguez, xefe do negociado de retribucións e seguridade social, que actuará con voz e sen voto.